

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG),
PARA A IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MARCA Q DE
CALIDADE TURÍSTICA NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA**



Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **D. Francisco González López**, en calidade de Presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con domicilio no Edificio Centro Emprendemento (Coworking) da Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG, de 4 de abril de 2014, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 22 dos estatutos da entidade, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2013/017785 Sección 1.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,





EXPOÑEN

- I. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.
- II. Que a calidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego. Neste sentido, a Axencia Turismo de Galicia e o sector privado deben fortalecer a súa colaboración na consecución do fin común de promoción da marca Q de Calidade Turística.
- III. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará tantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.
- IV. Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG para o impulso da marca Q de Calidade Turística nos establecementos e servizos turísticos de Galicia, xestionada polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), que determina que os establecementos e actividades turísticas gozan de determinados niveis de calidade, seguridade e profesionalidade.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e o CTG, as partes acordan a formalización deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO



1. O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CTG para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística a través:

- Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, das normas de calidade desenvolvidas polos subsectores turísticos empresariais adheridos ao Instituto para a Calidade Turística Española. Este apoio consistirá nunha labor de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística.
- Do apoio e recoñecemento da Marca de Calidade Turística Española como marca diferenciadora da calidade e dos establecementos certificados

2. Non será obxecto do presente convenio, as actuacións en aqueles establecementos ou entidades sitos en Galicia pertencentes a colectivos subsectoriais a nivel estatal, cuxa certificación e/ou renovación da marca Q de Calidade Turística do ICTE, se realice baixo a modalidade multi-site a nivel estatal. Igualmente estarán excluídos do presente Convenio aqueles servizos ou produtos turísticos de xestión pública.

SEGUNDA.- ORZAMENTO DO CONVENIO

O investimento total do presente convenio ascende a cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) IVE incluído, que se desagrega como se detalla a continuación:





CONCEPTO	TOTAL (IVE INCLUIDO)
A. Asistencia técnica externa para a coordinación das actuacións obxecto deste convenio	12.000,00 €
B. Impulso na consecución de novas certificacións Q de calidade turística e impulso de seguimento e renovación de certificacións Q	138.000,00 €
TOTAL	150.000,00 €

A achega da Axencia Turismo de Galicia será dun máximo de 150.000 € e realizarase con cargo á partida orzamentaria 04.A2.761A.470.0, proxecto 2015 00006 dos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2017.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

I. O CTG comprométese a:

1. Asesoramento para a implantación e certificación da marca Q de Calidade Turística en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, cuxo domicilio social estea no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seguintes obxectivos:

a) Acadar un mínimo de 20 novas empresas certificadas coa Q de calidade turística. Os novos establecementos ou actividades en proceso de primeira certificación deberán ter unha composición equilibrada tanto dende un punto de vista territorial en toda Galicia, como desde un punto de vista dos sectores, sen perxuízo de que non exista unha obriga mínima por sectores. Neste sentido, os sectores serán: Hoteis, hoteis-balneario, campings e cidades de vacacións; aloxamentos de turismo rural, turismo industrial (adegas visitables), axencias de viaxes, OPCs, palacios de congresos, turismo náutico, turismo activo e campos de golf e restaurantes, cafeterías, bares, ocio nocturno, transportes turísticos e servizos de turismo de saúde.



b) Acadar o mantemento dos 222 certificados (isto é, as 279 certificacións de Q existentes, menos 57 que corresponden ao punto 2 da cláusula primeira deste convenio, e dicir, aqueles que non formarían parte deste convenio), en procesos de 1º e/ou 2º seguimento e/ou renovación da marca Q (Anexo I: Entidades mantemento Q 2017) . Os establecementos en procesos de seguimento e/ou renovación no ano 2017 que manifesten de forma expresa o seu desexo de baixa na certificación da marca Q e as entidades que manifestan o seu interese de non adherirse ao Convenio, deberán acreditarlo por escrito mediante unha comunicación detallando os motivos da baixa ou non participación no convenio.

Ao obxecto de manter o número de certificacións Q en Galicia, no computo final para o presente ano 2017, se establece como obxectivo para o CTG que o balance de certificacións Q (certificacións na data de sinatura do presente convenio, máis as novas no 2017, menos as baixas no 2017) sexa como mínimo **222** entidades coa marca Q no ámbito do CTG ao remate do Convenio.

2. Difundir a marca Q de Calidade Turística, segundo o caso, mediante a incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, publicidade xeral e imaxe corporativa da marca Q de Calidade Turística así como mediante a distribución do distintivo Q aos novos establecementos que acaden a súa primeira certificación ao longo do presente ano 2017, así como aqueles que manteñan a marca en procesos de seguimento e renovación no presente ano.

3. Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

4. Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.

5. Incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.



7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. A comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

10. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:





1. Financiar as actuacións obxecto deste convenio cunha achega de 150.000 €. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incorrer o CTG no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que o CTG achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.
2. Así mesmo, a Axencia colaborará para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, coas seguintes actividades:
 - a) Apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o CTG para a implementación do sistema de calidade nos establecementos e actividades.
 - b) Incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, o distintivo da marca Q de Calidade Turística aos establecementos que acaden dita certificación.
 - c) Inclusión dun espazo específico para os establecementos certificados coa marca Q na edición do folleto Calidade Turística Galicia 2017.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir CTG para a realización por si mesma da actividade subvencionada.


A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe



de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.


SEXTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O CTG será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:



- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A Axencia de Turismo de Galicia, a través da Delegación Territorial do ICTE en Galicia, emitirá un informe das entidades certificadas en data de 12 de decembro de 2017, ao obxecto de verificación dos obxectivos establecidos na cláusula segunda puntos 1a e 1b.



- Memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estos.
- Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, o CTG deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.





A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.



Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o CTG, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2017.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.


Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2017.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polo CTG, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

De non acadarse os obxectivos cuantitativos expresados no punto 1a e 1b da cláusula segunda, procederase a minorar a axuda de acordo nunha contía de **675,67 euros**, atendendo aos posibles incumprimentos, podendo penalizarse polos dous conceptos seguintes:

- a) Por cada certificación da marca Q de calidade turística non acadada dentro do obxectivo das 20 novas Q no ano 2017.



- b) Por cada certificación por debaixo do obxectivo de balance final das 222 entidades coa marca Q en Galicia ao remate do presente Convenio

OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 80% sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a o CTG deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.



A suma dos pagamentos a anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

NOVENA.- RÉXIME DE MÍNIMIS

O CTG requirirá as empresas beneficiarias finais deste convenio para que se acollan ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL



Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do presente convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de realizar un seguimento do cumprimento do convenio, interpretar as cuestións sobre as que existan dúbidas, así como para resolver as controversias que xurdan na aplicación deste convenio.

Esta Comisión reunirase de xeito ordinario cada dous meses, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da Comisión será exercida pola Directora da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.

Os acordos da Comisión serán adoptados por maioría de votos, e serán inmediatamente executivos.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016,





do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

As partes asinantes autorizan e consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora de Turismo de Galicia


Mª Nava Castro Domínguez


Polo Clúster Turismo de Galicia
O Presidente do CTG


Francisco González López

ANEXO I

Entidades mantemento Convenio Q 2017

Nome	Concello	Provincia	Sector
A Casa Da Meixida	Padrón	A Coruña	Aloxamentos Rurais
A Casa da Torre Branca	Santiago de Compostela	A Coruña	Aloxamentos Rurais
A Casa de Aldán	Cangas do Morrazo	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
A Parada das Bestas	Palas de Rei	Lugo	Aloxamentos Rurais
A Pena de Augasantas	Touro	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Cabañas de Lires	Cee	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa da Torre	Valga	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Casa das Xacias	Chantada	Lugo	Aloxamentos Rurais
Casa de Cacheiro	Silleda	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Casa De Laxe	Malpica	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa de Trillo	Muxía	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa do Castelo de Andrade	Pontedeume	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa do Romualdo	Taboada	Lugo	Aloxamentos Rurais
Casa Grande da Ferrería de Rugando	Quiroga	Lugo	Aloxamentos Rurais
Casa Grande de Rosende	Sober	Lugo	Aloxamentos Rurais
Casa Perfeito María	Outes	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa Rosinda	Trazo	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa Rural A Cobacha	Paderne	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Casa Rural Abadia Eiras	O Rosal	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Casa Rural San Ginés	Vila Cruces	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Casa Rural Torre do Río	Caldas de Reis	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Casa Vixide	Lalín	Pontevedra	Aloxamentos Rurais



Finca Goleta	Foz	Lugo	Aloxamentos Rurais
Finca O Bizarro	Trabada	Lugo	Aloxamentos Rurais
Fogar do Selmo	Rois	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Hotel Rural Entre Os Ríos	Pobra do Caramiñal	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Hotel Rústico Casa Franco	Alfoz	Lugo	Aloxamentos Rurais
Pazo da Touza	Nigrán	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Pazo da Trave	Viveiro	Lugo	Aloxamentos Rurais
Pazo de Eidian	Pontevedra	Pontevedra	Aloxamentos Rurais
Pazo de Sedor	Arzúa	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Pazo do Castro	O Barco de Valdeorras	Ourense	Aloxamentos Rurais
Pazo Santa María	Arzúa	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Pension Rustica O Rincon Da Baiuca	Muxía	A Coruña	Aloxamentos Rurais
Valraiña	Foz	Lugo	Aloxamentos Rurais
Balneario Acuña	Caldas De Reis	Pontevedra	Balnearios
Balneario Arnoia	Arnoia	Ourense	Balnearios
Balneario de Carballo	Carballo	A Coruña	Balnearios
Balneario Laías	Laías	Ourense	Balnearios
Balneario Lobios	Lobios	Ourense	Balnearios
Balneario y Termas de Lugo	Lugo	Lugo	Balnearios
Complejo Termal Balneario de Cuntis	Cuntis	Pontevedra	Balnearios
Oca Augassantas. Balneario & Golf Resort	Pantón	Lugo	Balnearios
Camping Baltar	Sanxenxo	Pontevedra	Campings
Camping Paisaxe II	O Grove	Pontevedra	Campings
Camping Punta Batuda	Porto do Son	A Coruña	Campings
Camping Rural Ría de Arousa 2	Riveira	A Coruña	Campings
Apartahotel Attica 21 As Galeras	Oleiros	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos

Augusta Spa Resort	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Catedral Suites	Santiago	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Complejo Termal de Cuntis Hotel Castro	Cuntis	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Complejo Termal de Cuntis Hotel La Virgen	Cuntis	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Gran Talaso Hotel Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Cons Da Garda	O Grove	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel A Casa Do Río	Pontecesures	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Alfonso I	Tui	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Alfonso IX	Sarria	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Attica21 Coruña	A Coruña	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Balneario Acuña	Caldas de Reis	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Balneario de Carballo	Carballo	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Balneario Laias	Laias-	Ourense	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Balneario Lobios	Lobios	Ourense	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Balneario y Termas de Lugo	Lugo	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Blue Coruña	A Coruña	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Bosque Mar	O Grove	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Campomar	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Canelas	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Carlos I Silgar	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Casa Benilde	Palas de Rei	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Casona de Lazurtegui	Ribadeo	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Congreso	Santiago de Compostela	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Ego	Viveiro	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Inffinit Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Inffinit Vigo	Vigo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos

Hotel Louxo La Toja	O Grove	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Mar De Plata	Sarria	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Marycielo	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Mogay	Chantada	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Monasterio de San Clodio	Leiro	Ourense	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Monumento Pazo Do Rio	Oleiros	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Nanin Playa	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel O Son Do Mar	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Parrillada San Isidro	Bergondo	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Pazo De Altamira	Santiago de Compostela	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Piñeiro	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Puente de la Toja	O Grove	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Room Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Rotilio	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Rural Campaniola	Pontevedra	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Rustico Spa Finisterrae	Fisterra	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Silken América	Vigo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Spa Atlántico	O Grove	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Spa Attica 21 Villalba	Vilalba	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Vermar	Sanxenxo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Via Argentum	Silleda	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel Vila do Val	Valadouro	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
Hotel-Balneario Arnoia	Arnoia	Ourense	Hoteis e Aptos. Turísticos
O Cabazo do Zacurro	Ribadeo	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos
O Xardín de Julia	Santiago de Compostela	A Coruña	Hoteis e Aptos. Turísticos
Oca Augassantas. Balneario & Golf Resort	Pantón	Lugo	Hoteis e Aptos. Turísticos

Punta Cabicastro	Portonovo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Villa Cabicastro	Portonovo	Pontevedra	Hoteis e Aptos. Turísticos
Club Náutico Boiro	Boiro	A Coruña	Instalacións Náutico Deportivas
Club Náutico de Portonovo	Portonovo	Pontevedra	Instalacións Náutico Deportivas
Club Náutico Deportivo Riveira	Riveira	A Coruña	Instalacións Náutico Deportivas
Club Náutico Ria de Ares	Ares	A Coruña	Instalacións Náutico Deportivas
Club Náutico San Vicente do Mar	O Grove	Pontevedra	Instalacións Náutico Deportivas
Puerto Deportivo Vigo del Real Club Náutico	Vigo	Pontevedra	Instalacións Náutico Deportivas
Real Club Náutico de La Coruña	A Coruña	A Coruña	Instalacións Náutico Deportivas
Real Club Náutico de Ribadeo	Ribadeo	Lugo	Instalacións Náutico Deportivas
Real Club Náutico de Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	Instalacións Náutico Deportivas
Real Club Náutico Portosín	Portosín	A Coruña	Instalacións Náutico Deportivas
Real Club Náutico Rodeira Cangas	Cangas do Morrazo	Pontevedra	Instalacións Náutico Deportivas
Palacio de la Ópera	A Coruña	A Coruña	Palacios de Congresos
Palexco	A Coruña	A Coruña	Palacios de Congresos
A Estación Restaurante	Cambre	A Coruña	Servizos de Restauración
A Mirandilla Restaurante	Ribadeo	Lugo	Servizos de Restauración
A Taberna	Ourense	Ourense	Servizos de Restauración
Asador Vacavella	Ames	A Coruña	Servizos de Restauración
Bodeguilla de San Lázaro	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos de Restauración
Bodeguilla de Santa Marta	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos de Restauración
Cantina Río Covés	Pontedeume	A Coruña	Servizos de Restauración
Casa Paco	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Como Na Casa Restaurante & Bar	O Carballiño	Ourense	Servizos de Restauración
Eirado da Leña	Pontevedra	Pontevedra	Servizos de Restauración
In9 Eventos	Boiro	A Coruña	Servizos de Restauración

La Portonovesa	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos de Restauración
La Postrería	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
La Ultramar	Pontevedra	Pontevedra	Servizos de Restauración
Mar Divino Asador	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos de Restauración
Mesón a Cepa	Culleredo	A Coruña	Servizos de Restauración
Mesón O Pote	Betanzos	A Coruña	Servizos de Restauración
O Barazal	Maside	Ourense	Servizos de Restauración
O Curro da Parra	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos de Restauración
O Parrulo	Ferrol	A Coruña	Servizos de Restauración
O Rincón Dos Barcos	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos de Restauración
Pandelino	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante A Carballeira	Ourense	Ourense	Servizos de Restauración
Restaurante A La Brasa	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Bar Berberecho	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos de Restauración
Restaurante Bido	Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Campos	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante Carmen	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos de Restauración
Restaurante Chicolino	Boiro	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Coral	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Coto Do Rano	Ourense	Ourense	Servizos de Restauración
Restaurante El Pasaje	Santiago	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante El Refugio	Oleiros	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Esencia	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante España	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante Finisterrae Acuario	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante Finisterrae La Torre	A Coruña	A Coruña	Servizos de Restauración

Restaurante La Solana	Cabanas	A Coruña	Servizos de Restauración
Restaurante los Abetos	Nigrán	Pontevedra	Servizos de Restauración
Restaurante Montero	Vilalba	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante O Grelo	Monforte de Lemos	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante Paprica	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante Parrillada Antonio	Lugo	Lugo	Servizos de Restauración
Restaurante Pepe Vieira	Poio	Pontevedra	Servizos de Restauración
Restaurante Room	Pontevedra	Pontevedra	Servizos de Restauración
Restaurante Tamarindo	Ourense	Ourense	Servizos de Restauración
Restaurante Yayo Daporta	Cambados	Pontevedra	Servizos de Restauración
Santos Mesón Cafetería	Santa Comba	A Coruña	Servizos de Restauración
The Seafood Bar Santiago	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos de Restauración
Ancora Viajes y Congresos	A Coruña	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Bivestour Boiro	Boiro	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Bivestour Central	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Bivestour Coruña	A Coruña	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Bivestour Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Bivestour Vigo	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
CN Travel	Sanxenxo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Tee Travel	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Abra-Mar	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Abra-Mar (Sucursal Vigo)	O Porriño	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Airbus Galicia A Coruña	A Coruña	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Airbus Galicia Central	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Airbus Galicia Ourense	Ourense	Ourense	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Airbus Galicia Redondela	Redondela	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación

Viajes All Tour	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Barraña	Boiro	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Compostela	Ourense	Ourense	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Fontao Travel	Ribeira	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Fontao Travel (Sucursal Pablo Iglesias)	Boiro	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Galitur	Ferrol	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Galitur (Viajes Galitur Santiago de Compostela)	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Lira	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Luamar	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Paco A Coruña	A Coruña	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Paco Central	Ferrol	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Pardo	Ourense	Ourense	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Sant Yago	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Sierra	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Trotta	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Valmiñor	Baiona	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Vitoria Central	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viajes Vitoria Santiago	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viaxes Naron S.L.	Narón	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Viaxes Piña	Ourense	Ourense	Servizos Turísticos de Intermediación
Viaxes Piña (Viajes Piña - Sucursal C/Hórreo)	Santiago de Compostela	A Coruña	Servizos Turísticos de Intermediación
Vio Viajes	Vigo	Pontevedra	Servizos Turísticos de Intermediación
Autos González S.L.	Ourense	Ourense	Transportes Turísticos
Autos González S.L. (Sucursal Autos González en Vigo)	Vigo	Pontevedra	Transportes Turísticos
Altavela	Sada	A Coruña	Turismo Activo
Estación de Montaña Manzaneda	Pobra de Trives	Ourense	Turismo Activo

Hola Ola Ribadeo Slu	Ribadeo	Lugo	Turismo Activo
Centro Médico El Carmen	Ourense	Ourense	Turismo de Saúde
Adega Eidos	Sanxenxo	Pontevedra	Turismo Industrial
Adegas E Viñedos Paco & Lola	Meaño	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodega Don Olegario	Cambados	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodega Granbazán	Vilanova de Arousa	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodega Zarate	Meaño	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodegas del Palacio de Fefiñanes	Cambados	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodegas La Val	Salvaterra de Miño	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodegas Marqués de Vizhoja	Arbo	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodegas Martín Códax	Cambados	Pontevedra	Turismo Industrial
Bodegas Regina Viarum	Sober	Lugo	Turismo Industrial
Bodegas Terras Gauda	O Rosal	Pontevedra	Turismo Industrial
Leive	Ribadavia	Ourense	Turismo Industrial
Pazo de Señorans	Meis	Pontevedra	Turismo Industrial
Señorío de Rubiós	As Neves	Pontevedra	Turismo Industrial
Terra do Castelo	Beade	Ourense	Turismo Industrial
Viña Costeira	Ribadavia	Ourense	Turismo Industrial